

Convenio colectivo da empresa J.J. Chicolino, S.L.
(Anos 2005-2007)¹

Artigo 1º.-Ámbito.

Este convenio afecta as relacións laborais da empresa J.J. Chicolino, S.L. cos seus traballadores, en calquera centro de traballo que a empresa teña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

As normas establecidas neste convenio colectivo afecta a todo o persoal da empresa J.J. Chicolino, S.L. con independencia do sector concreto de actividade desenvolvido.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Non obstante, os efectos económicos referidos ao salario base e pagas extras aboaranse con efectos económicos do día 1 de outubro de 2005.

O resto dos conceptos económicos aboaranse desde a entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación efectiva no DOG.

Este convenio terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2007.

Artigo 4º.-Denuncia.

Este convenio colectivo enténdese automaticamente denunciado á súa finalización, comprometéndose ambas as partes a iniciar a negociación do novo convenio un mes antes da súa finalización. Mentres non se acorde o novo convenio, seguirá vixente o anterior, garantíndose como mínimo a revisión anual equivalente ao IPC previsto polo goberno.

Artigo 5º.-Vinculación.

As condicións pactadas forman un todo orgánico indivisible. Para efectos da súa aplicación, serán consideradas globalmente.

Artigo 6.-Condicións máis beneficiosas.

Serán respectadas na súa totalidade estritamente ad personam aquelas condicións máis beneficiosas que teñan os traballadores concedidas pola empresa por pacto ou costume.

Artigo 7º.-Salario base e complementos salariais.

O sistema retributivo que establece este convenio, estará composto por:

A) Salario base.

B) Complementos salariais.

Os complementos salariais estarán compostos por:

a) Gratificacións extraordinarias.

b) Complemento de transporte.

c) Complementos de toxicidade, penosidade ou perigosidade para aqueles postos de traballo así cualificados.

d) Nocturnidade.

a) Gratificacións extraordinarias.

Todos os traballadores afectos por este convenio, percibirán dúas gratificacións extraordinarias, que se cobrarán rateadas na nómina do mes. A contía das gratificacións extraordinarias será de 30 días do salario base.

¹ Publicado no DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2007.

b) Complemento de transporte.

Todos os traballadores terán dereito a percibir un complemento en concepto de transporte de 2,50 € por cada día efectivamente traballado. Este complemento incrementárase cada ano na mesma porcentaxe que o establecido para o salario base.

c) Complementos de toxicidade, penosidade e/ou perigosidade.

Todos os traballadores terán dereito a percibir o 10% do salario base por calquera dos complementos anteditos, sempre e cando na empresa se cualifique como afectos ao dito complemento un determinado posto de traballo segundo a cualificación do organismo oficial competente.

d) Complemento de nocturnidade.

Todos os traballadores terán dereito a percibir un complemento de nocturnidade de 1,02 € por hora nocturna efectivamente traballada, exceptuando o persoal contratado especificamente para desenvolver o seu traballo en horario nocturno que percibirá o salario correspondente á súa categoría máis as cantidades seguintes:

Peón: 180 € máis ao mes.

Oficial de 3ª: 180 € máis ao mes.

Oficial de 2ª: 182 € máis ao mes.

Oficial de 1ª: 184 € máis ao mes.

Xefe de sección: 186 € máis ao mes.

Este complemento e a táboa sinalada anteriormente incrementáranse cada ano na mesma porcentaxe que o establecido para o salario base.

Artigo 8º.-Retribución.

A táboa salarial (anexo I) establécese con vixencia desde o día 1 de outubro ata o 31 de decembro de 2005.

O incremento salarial para o primeiro ano de vixencia do convenio (2006) será o IPC previsto polo goberno para o ano 2006.

O incremento salarial para o segundo ano de vixencia (2007) será o IPC previsto polo goberno para o ano 2007 máis o 0,5%.

Artigo 9º.-Cláusula de revisión salarial.

No caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística, chegue a superar o 31 de decembro de cada ano o IPC previsto polo goberno para o devandito ano, efectuarase un incremento salarial no exceso sobre o índice citado. Esta revisión aplicarase con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de cada ano a excepción de 2005 no cal a revisión se aplicará desde outubro a decembro do dito ano nos conceptos salariais de salario base e pagas extras.

Artigo 10º.-Licenzas retribuídas.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polos tempos seguintes:

a) 15 días naturais en caso de matrimonio ou constitución de parella de feito.

b) 2 días no caso de nacemento de fillo ou de enfermidade grave, hospitalización ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de 4 días.

c) Un día por traslado do domicilio habitual.

d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos na lexislación vixente en cada momento.

f) Asistencia a consultorio médico. Cando por razón de enfermidade o traballador precise a asistencia a consultorio médico en horas coincidentes coas da súa xornada laboral, a empresa concederá, sen perda de retribución, o permiso necesario polo tempo preciso para o efecto, debendo xustificarse este co correspondente volante visado polo facultativo, sexa ou non da Seguridade Social. Cando a asistencia sexa a un especialista da Seguridade Social, o traballador deberá avisar polo menos con 48 horas de antelación.

Ver anexo II.

Artigo 11º.-Xornada laboral.

Establécese unha xornada de 1.770 horas anuais, en cómputo de 40 horas semanais. Esta xornada distribuirase de luns a venres.

Establécese un descanso de 15 minutos dentro da xornada laboral, cando esta se realice en xornada continua.

Artigo 12º.-Vacacións.

Os traballadores afectados por este convenio desfrutarán cada un de 30 días naturais de vacacións.

Artigo 13º.-Póliza de seguro colectivo.

A empresa comprométese a facer unha póliza por morte, invalidez permanente en calquera dos seus graos excepto invalidez permanente parcial, sexa derivada por causas naturais ou por accidente, laboral ou non, dunha contía de 18.000 €. A cobertura desta póliza cubrirá aos traballadores da empresa durante todo o ano, é dicir, tanto os días laborables como os non laborables.

Artigo 14º.-Roupa de traballo.

Todos os traballadores terán dereito a roupa e calzado necesario durante todo o ano, segundo traballo.

Artigo 15º.-Revisión médica.

A empresa ofertará unha revisión médica cada ano a todos os traballadores.

Artigo 16º.-Incapacidade temporal.

Nos casos de accidente laboral leve (que determinará o facultativo correspondente) a empresa completará ata o 100% a prestación de Seguridade Social a partir do día 16, e en caso de accidente laboral grave, a empresa completará ata o 100% desde o primeiro día.

Artigo 17º.-Dereitos sindicais.

Seguirase o disposto no Estatuto dos traballadores e demais disposicións complementarias.

Artigo 18º.-Prevención de riscos.

En cantas materias afecten a prevención da saúde e a seguridade dos traballadores, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, actualizada e desenvolvida pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, e o Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, e normativa concordante.

O dereito de protección materializarase a través da adopción, por parte da empresa, das medidas necesarias en materia de avaliación de riscos, información, consulta, participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde e organización dun servizo de prevención propio ou alleo.

Artigo 19º.-Protección á maternidade.

A avaliación dos riscos a que se refire o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, deberá comprender a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico. Se os resultados da avaliación revelasen un risco para a seguridade e a saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo ou a lactación das citadas traballadoras, o empresario adoptará as medidas necesarias para evitar a exposición ao dito risco, a través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada. Estas medidas, incluirán, cando resulte necesario, a non-realización de traballo nocturno ou de traballo a quendas.

En todo o demais, seguirase o disposto na Lei sobre conciliación da vida laboral e familiar 39/1999, do 5 de novembro.

Artigo 20º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non previsto neste convenio, será de aplicación a lexislación laboral vixente e concretamente o texto refundido do Estatuto dos traballadores.

Artigo 21º.-Comisión paritaria.

De acordo co establecido no artigo 85 do Estatuto dos traballadores, créase unha comisión paritaria do convenio que terá as funcións e fins regulados pola normativa vixente, a cal estará composta por igual numero de vogais representativos dos traballadores dunha parte, e da empresa da outra, cuxa designación recaerá sobre as mesmas persoas e en igual numero de vogais titulares que foron nomeados para a negociación deste convenio.

Artigo 22º.-Flexibilidade horaria.

O traballador realizará a súa xornada de traballo en horario normal e horario flexible, tomando como horario normal o recollido no calendario laboral da empresa, e como horario flexible o que realice segundo necesidades da empresa en quenda distinto á establecida como horario normal, respectando os descansos entre xornadas establecidos legalmente.

Entenderase por xornada flexible o cambio de quenda a outro distinto do contemplado no calendario laboral. O traballador deberá ser avisado previamente desta circunstancia cunha antelación mínima de 12 horas. Sempre e cando o aviso previo se realice cunha antelación mínima de 72 horas considerarase cambio de quenda normal.

Establécese un complemento de compensación ao traballador por horario flexible. Este complemento aboarase única e exclusivamente cando o traballador realice horario flexible, e non se contabilizará no cálculo das pagas extras. A contía do complemento será de 12 €por día traballado en xornada de luns a venres.

Artigo 23º.-Partes asinantes.

Asinan este convenio, dunha parte os delegados de persoal por FITEQA-CC.OO., Ricardo López Triñanes e Ángel López Triñanes e Eulogio Rosais Pazos, delegado de persoal pola CIG, e da outra, na súa calidade de representante da empresa, María del Carmen López Triñanes. Actúan e asinan tamén este convenio en calidade de asesoras, Pilar Tellado Fernández en representación de FITEQA-CC.OO., e Teresa Vidal Pose en representación de FGAMT-CIG.

ANEXO I

Táboa salarial

Categoría profesional	S.B.M. (€)	S.B.A. (€)
Enxeñeiros, licenciados e persoal de alta dirección	860,16	12.042,24
Encargado xeral	819,20	11.468,80
Diplomados	780,19	10.922,66
Xefes administrativos	743,04	10.402,56
Xefes de sección	690,89	9.672,46
Oficial de 1ª administrativo	610,18	8.542,52
Oficial de 2ª administrativo	579,31	8.110,34
Auxiliar administrativo	561,06	7.854,84

Subalternos e profesionais de oficio:

Categoría	S.B.D. (€)	S.B.A. (€)
Oficial de 1ª	20,10	8.542,50

Oficial de 2 ^a	19,08	8.109,00
Oficial de 3 ^a	18,48	7.854,00
Peón	18,43	7.832,75

S.B.M.: salario base mensual sen pagas extras.

S.B.D.: salario base diario sen pagas extras.

S.B.A.: salario bruto anual incluídas pagas extras.